

materia

Contidos Pedagóxicos

unidade didáctica **1**

Os contidos pedagóxicos na elaboración de unidades didácticas

M^a Carmen Sarceda Gorgoso

Departamento de Didáctica e Organización Escolar
Facultade de Formación de Profesorado



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES,
CULTURA E FORMACIÓN CONTINUA

titulación

Obradoiro de elaboración de unidades didácticas (PFID)



unidade didáctica 1

Os contidos pedagóxicos na elaboración de unidades didácticas

M^a Carmen Sarceda Gorgoso
Departamento de Didáctica e Organización Escolar
Facultade de Formación de Profesorado



© Universidade de Santiago de Compostela, 2011

Deseño

Unidixital

Edita

Vicerreitoría de Estudantes, Cultura
e Formación Continua da
Universidade de Santiago de Compostela
Servizo de Publicacións
da Universidade de Santiago de Compostela

Imprime

Unidixital

Servizo de Edición Dixital da
Universidade de Santiago de Compostela

Dep. Legal: C 2361-2011

ISBN 978-84-9887-775-5

ADVERTENCIA LEGAL: reservados todos os dereitos.
Queda prohibida a duplicación, total ou parcial desta
obra, en calquera forma ou por calquera medio (elec-
trónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen
consentimento expreso por escrito dos editores.

ÍNDICE

1.- Presentación	5
2.- Xustificación	5
3.- Obxectivos	9
4.- Metodoloxía e actividades propostas	8
5.- Avaliación	11
6.- Contidos	11
6.1.- Para que ensinar: os obxectivos de aprendizaxe	13
6.2.- Que ensinar: Os contidos.....	15
6.3.- Metodoloxía.....	15
6.4.- Avaliación	19
7.- Bibliografía	21

1.- PRESENTACIÓN

Esta unidade didáctica sobre *Contidos Pedagóxicos na elaboración de Unidades Didácticas* forma parte do *Curso de elaboración de unidades didácticas para a docencia universitaria*, organizado polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela (USC), sendo os seus destinatarios docentes da USC tanto no Campus de Lugo coma no de Santiago

O Curso está organizado en catro módulos, sendo o de contidos pedagóxicos o primeiro. Consta dunha duración de 9 horas distribuídas en 3 sesións de 3 horas cada unha:

- **MÓDULO 1: Contidos pedagóxicos**

- **MÓDULO 2:** Contidos lingüísticos
- **MÓDULO 3:** Contidos de edición
- **MÓDULO 4:** Contidos de lexislación

2.- XUSTIFICACIÓN


As unidades didácticas son o nivel máis específico de planificación e forma parte dun conxunto máis amplo que sería a programación docente. Polo tanto, podemos dicir que a Programación docente estaría constituída por unidades didácticas que supoñen a interrelación de todos os elementos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe cunha coherencia interna metodolóxica e por un período de tempo determinado.

Todo docente, sexa tanto de niveis non universitarios como universitarios, que é o caso que nos ocupa, á hora de levar a cabo a súa actividade docente non o fai de maneira inconsciente, senón que con máis ou menos profundidade sabe que é o que quere e como o vai facer, o que o sitúa no ámbito da programación curricular.

Facer unha unidade didáctica significa facer explícito cales son os fins que pretendemos, os elementos que imos contemplar na actividade de ensino-aprendizaxe e a avaliación dos resultados acadados, e polo tanto implican relacionar todos os compoñentes desa actividade. A súa virtude máis importante e que as fai imprescindibles en calquera proceso didáctico é que anticipa a acción docente e

discente, implicando unha toma de decisións sobre os seguintes elementos:

Figura 1: Elementos para a toma de decisións na elaboración da unidade didáctica. Raposo, Sarceda e Sanjuán (2002: 5)



Da axeitada combinación destes elementos vai depender que os procesos de ensino-aprendizaxe que ofrezamos ao noso alumnado sexan de calidade, xa que as oportunidades de aprendizaxe que se lles ofrezan inflúen en gran medida no resultado final e no desenvolvemento das capacidades pretendidas.

Neste sentido, Zabalza (2008: 66-101) identifica 10 trazos que caracterizarían unha docencia de calidade:

1. *Deseño e planificación da docencia con sentido de proxecto formativo. A condición curricular.* Este primeiro trazo quere resaltar a importancia da planificación previa da docencia que imos desenvolver, tanto como grupo (no que se refire ao plan de estudos ou ao proxecto formativo do noso departamento) como a nivel individual (os nosos programas das materias que imos impartir). O formalizar un proxecto formativo permitiría cumprir unha serie de funcións pedagóxicas:
 - a. A existencia do documento escrito obriga a “pensar por adiantado” todo o proxecto. É dicir, un ten que ter unha visión xeral de todo o proceso.
 - b. A existencia do documento converte a iniciativa en algo compartido e público.
 - c. A existencia dun documento escrito permite confirmar tanto a coherencia como a viabilidade do intento.
 - d. A existencia dun documento escrito constitúe unha especie de “compromiso formal” sobre o desenvolvemento da actividade proposta.
2. *Organización das condicións e do ambiente de traballo, incluído os espazos físicos, a disposición dos recursos, etc..* Os espazos de aprendizaxe son moito máis que un lugar neutral e sen significado no que levamos a cabo tarefas docentes igualmente neutras e descontextualizadas. A única posibilidade de transformar as actuais metodoloxías didácticas baseadas preponderantemente na lección maxistral pasa por un tipo de organización diferente dos espazos e os recursos. Deste xeito se podería chegar a constituír auténticos ambientes de ensino nos que os alumnos puidesen desenvolver un estilo de aprendizaxe máis autónoma, máis diversificada e con referentes situacionais que faciliten tanto a comprensión das novas aprendizaxes como a súa posterior evocación.
3. *Selección de contidos interesantes e forma de presentación destes.* Escoller “bos contidos” significa escoller os contidos máis importantes dese ámbito disciplinar, acomodalos ás necesidades formativas dos estudantes (ao perfil profesional para o que se están a formar), adecualos ás condicións de tempo e de recursos con que contamos, e organízalos de tal maneira que sexan realmente accesibles aos nosos alumnos e lles abran as portas a aprendizaxes post universitarias.

4. *Materiais de apoio aos estudantes (guías, informes, información complementaria)*. Un dos aspectos básicos da devandita calidade radica, xustamente, na capacidade dos docentes para transformar o seu rol: pasar de mero explicador dos contidos da disciplina a ser un guía do proceso de aprender que segue o alumno.
5. *Metodoloxía didáctica*. Constitúe un dos compoñentes da estrutura canónica (elementos básicos e imprescindibles) en calquera consideración sobre o curriculum formativo. Na práctica, as metodoloxías didácticas empregadas na universidade adoecen dunha gran homoxeneidade e están case sempre asentadas en modelos tradicionais ou convencionais.
6. *Incorporación de novas tecnoloxías e recursos diversos*. Este aspecto require dunha serie de condicións:
 - a. Que estean integrados efectivamente no currículo formativo dos estudantes de maneira que poidan sacarles o máximo partido.
 - b. Que supoñan un avance real no enriquecemento e actualización dos procedementos de aprendizaxe.
 - c. Que permitan ampliar o espectro de experiencias de aprendizaxe dos alumnos.
 - d. Que incorporen sistemas de simulación.
 - e. Que faciliten os intercambios e a transferencia (modelos de aprendizaxe interactiva e en redes) entre escolas e entre suxeitos.
 - f. Que supoñan achegas, ou cando menos que non signifiquen un novo factor discriminador, en canto á equidade
7. Atención persoal aos estudantes e sistemas de apoio a estes, dentro do que estarían as titorías.
8. Estratexias de coordinación cos colegas, superando a actuación autónoma e individualista.
9. Os sistemas de avaliación utilizados. A avaliación, na súa dobre dimensión de apreciación da aprendizaxe do alumno e de certificación das habilidades alcanzadas, constitúe outro elo esencial da acción docente universitaria.
10. Mecanismos de revisión do proceso. O proceso de ensino no se conclúe no propio acto didáctico, senón que se alonga ata incluír neste as accións que se leven a cabo para avalialo e

para establecer as previsións sobre os seguintes pasos a dar (a seguinte fase da materia, o seguinte curso, etc.)

Segundo o tratamento que fagamos destes elementos dependerá, en última instancia, a calidade do proceso formativo que se vai desenvolver. Así, o pensar a planificación como un instrumento "que permite revitalizar a tarefa docente e enriquecer ás institucións forma parte de considerar que a profesionalización se vincula, entre outras cousas, con reflexionar e anticipar as accións a realizar. Improvisar implica actuar rapidamente sen posibilidades de pensar e repensar as mellores ideas e formas de concretalas. Contrariamente, deseñar as accións nun tempo e espazo organizado para buscar e prever o considerado posible e acorde, posibilita a toma de decisións consideradas óptimas no momento de realizar as eleccións. Estas serán, obviamente, revisadas, modificadas e retroalimentadas no devir cotián, pero partindo das decisións pensadas e fundamentadas, o cal, sen lugar a dúbidas, é parte da profesionalización docente" (Pitluk, 2007: 17).

3.- OBXECTIVOS

Os **obxectivos xerais (O.X.)** do *Curso de elaboración de unidades didácticas para a docencia universitaria* sitúanse nas seguintes dimensións:

- O.X.1.- Elaborar UD que respondan a un modelo universitario estándar.
- O.X.2.- Elaborar e utilizar UD de calidade como instrumento docente.
- O.X.3.- Publicar materiais de carácter docente do profesorado da USC.
- O.X.4.- Mellorar a calidade formal e lingüística dos materiais docentes.
- O.X.5.- Facilitarlles ao alumnado o uso dos ditos materiais docentes.
- O.X.6.- Contribuír á extensión do galego na docencia universitaria.

Establecidos estes obxectivos xerais, para o tema de contidos pedagóxicos -que é o que constitúe o eixo desta unidade didáctica- contemplamos os seguintes **obxectivos específicos (O.E.)**:

- O.E.1.- Coñecer os compoñentes estruturais e de contido dunha unidade didáctica.

O.E.2.- Elaborar unha unidade didáctica sobre un dos temas traballados na propia docencia universitaria.

O.E.3.- Valorar a importancia das unidades didácticas como elemento orientador e regulador da práctica.

Estes obxectivos irían encamiñados á consecución dos xerais 1 e 2.

4.- METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PROPOSTAS

Esta unidade didáctica estará presidida por unha metodoloxía na que se combinará a exposición maxistral dos contidos teóricos do tema por parte da docente co traballo do alumnado, que será basicamente individual, aínda que en ocasións se combinará co traballo grupal. Esta opción metodolóxica será a que máis peso teña no desenvolvemento da unidade didáctica.

Nas sesións presenciais e para promover a participación activa do alumnado, formularanse cuestións que supoñan unha confrontación coas ideas previas e/ou experiencia dos discentes, de maneira que se posibilite un avance cara á consideración das Unidades Didácticas como un elemento imprescindible para unha docencia de calidade. Utilizaranse diapositivas dixitais como principais recursos didácticos que axuden á exposición dos contidos a desenvolver.

Por outra banda, o traballo autónomo do alumnado ten unha grande importancia no resultado final que se concreta nunha unidade didáctica sobre un dos temas impartidos na súa docencia universitaria. Para facilitar a súa realización, a actividade presencial será apoiada con titorías en liña a través do correo electrónico, mediante as que se poderán formular as dúbidas, ideas, problemas.... que xurdan ao longo do proceso. Así, a utilización desta tecnoloxía cunha finalidade educativa convértese nunha estratexia de grande interese para o contacto entre docente e alumnado. Poderase utilizar ademais como un medio directo e rápido para achegar documentos ou materiais que sexan necesarios para un mellor desenvolvemento da unidade didáctica.

Como actividades para realizar no desenvolvemento das sesións presenciais, propóñense as seguintes:

- 1) Elaboración dunha unidade didáctica sobre un tema do que se imparta docencia.

- 2) Exposición ao resto dos compañeiros e compañeiras dos elementos básicos da unidade didáctica, e debate sobre o proceso de realización, os problemas xurdidos e o xeito de afrontalos.

5.- AVALIACIÓN

A avaliación terá lugar ao comezo da unidade didáctica (inicial), ao longo do seu desenvolvemento (procesual) e ao seu remate (final).

No que respecta á avaliación inicial, terá lugar na primeira sesión de clase e realizarase a través da formulación dunha serie de afirmacións relacionadas coa actividade docente sobre as que o alumnado deberá manifestar a súa conformidade ou discrepancia e os motivos que sustentan esta. Servirá para recoller información sobre as súas ideas previas e coñecementos sobre a programación docente, así como para constatar as súas actitudes cara á importancia das unidades didácticas na docencia.

A avaliación procesual levarase a cabo de maneira continuada nas tres sesións presenciais así como nas posibles consultas realizadas en liña. A información recadada será utilizada para valorar o grao de interiorización dos contidos traballados e introducir, de ser o caso, os reaxustes necesarios para un mellor desenvolvemento dos obxectivos.

A avaliación final terá lugar ao remate do curso e tomando como elementos de análise a unidade didáctica elaborada, así como a súa exposición perante os compañeiros.

Como criterios de avaliación establécense os seguintes:

- 1) Interese e participación nas actividades de clase.
- 2) Calidade das unidades didácticas elaboradas tanto no seu contido como na organización e coherencia dos seus elementos constituíntes.
- 3) Organización da exposición da unidade didáctica.

6.- CONTIDOS

Á hora de planificar a nosa actuación docente, ben para todo o curso, ben para unha unidade didáctica, é necesario un paso previo a todo o

proceso de decisións que significa a dita planificación. Este paso previo é *coñecer e ter en conta o contexto de referencia* no que vai ter lugar a nosa actuación para ser coherentes con el e, ao mesmo tempo, poder aproveitar os seus recursos (Sarceda, 2002).

Entre os elementos que debemos considerar neste contexto, é importante atender, polo menos, a:

- Tema ou tópicos que imos desenvolver. É o contido que imos traballar, a base sobre a que se deseña a unidade didáctica.
- Xustificación do tema. Trátase de determinar cal é a importancia do tema que imos tratar, é dicir, por que o seleccionamos para traballar co noso alumnado. Esta xustificación pode vir establecida por cuestións de obriga dos propios planos de estudo, pero é posible que a xustificación máis enriquecedora sexa a que cada profesor faga sobre o interese de traballar un determinado tema, porque probablemente represente o substrato dos obxectivos que pretende con respecto ao que vai desenvolver co seu alumnado. Dende argumentacións tales como *hai que dalo, está no programa* ou similares, a outras de diferente índole como *é fundamental para que o alumnado comprenda tal ou cal fenómeno, é a base teórica do que despois traballaremos, etc.*
- A duración, posto que o tempo determina os obxectivos que pretendemos acadar, os contidos, as actividades, etc.
- Relación con outros temas. En ocasións, hai temas que poden ser introdutorios doutros, de repaso de contidos anteriores, de ampliación de coñecementos, etc. É importante indicar cal é a relación do tema que nós imos desenvolver con outros que poden ser traballados.
- Destinatarios/as. Aínda que unha unidade didáctica pode ser empregada en diferentes contextos, é importante ter en conta quen son os seus destinatarios ou destinatarias, posto que da súa experiencia, nivel de coñecementos, etc. dependerán os contidos seleccionados e o nivel de afondamento neles.

Unha vez establecido este marco xeral, estamos en condicións de desenvolver os compoñentes da unidade didáctica, o que significa

tomar decisións con respecto aos *obxectivos* que se van acadar e a súa relación cos xerais da materia, curso, titulación...; establecer os *contidos* necesarios para acadar eses obxectivos; establecer as *estratexias metodolóxicas* que se van empregar e deseñar actividades nun determinado contexto e organización dos espazos, do tempo, do alumnado...; e identificar momentos e formas de *avaliación* que permitan constatar o grao de consecución dos obxectivos perseguidos.

Nos apartados que seguen, preséntase a conceptualización de cada un deses elementos, así como as implicacións que carrega a súa concreción nunha determinada proposta didáctica.

6.1.- Para que ensinar: os obxectivos de aprendizaxe


Son un dos compoñentes curriculares sobre o que debe xirar toda a planificación, xa que se constitúen nas finalidades que se pretenden conseguir a través da intervención didáctica. Fan referencia aos resultados de aprendizaxe que se espera dos alumnos/as.

Cando falamos de obxectivos podémonos estar a referir a dous tipos que se diferencian fundamentalmente pola súa amplitude:

- Xerais: establecidos para un período relativamente amplo de tempo, non se acadan directamente.
- Específicos: son obxectivos que se queren acadar nun período máis curto de tempo; a súa consecución permite acadar os obxectivos xerais.

Así por exemplo, o obxectivo *Promover a elaboración e utilización de unidades didácticas de calidade como instrumento docente* que se explicita para o curso que estamos a realizar, implica que antes se teñen que conseguir outros obxectivos como os seguintes: *coñecer os compoñentes estruturais e de contido dunha unidade didáctica; elaborar unha unidade didáctica sobre un dos temas traballados na propia docencia universitaria; e valorar a importancia das unidades didácticas como elemento orientador e regulador da práctica*, que serían os obxectivos que nos propoñemos nesta unidade didáctica. O primeiro sería un obxectivo xeral e os seguintes serían obxectivos específicos que contribuirían á súa consecución:

Figura 2: Relación entre obxectivos xerais e específicos



Cando nos situamos no nivel das unidades didácticas, os obxectivos que se abranguen son específicos, e deben establecerse de tal xeito que poidan ser acadados co desenvolvemento da propia unidade didáctica.

Atendendo á súa natureza, fan referencia ás capacidades que se deben situar en tres dimensións: *saber*, *saber facer*, e *saber ser*, debendo ter reflexo estas capacidades nos contidos seleccionados.

A súa redacción faise sempre comezando cun verbo en infinitivo. A modo de exemplo poden resultar útiles os seguintes:

Identificar, recoñecer, clasificar, describir, comparar, explicar, relacionar, coñecer, interpretar, distinguir, aplicar, utilizar, manexar, construír, representar, interesarse por, ser consciente de, apreciar, valorar, estar sensibilizado con, etc.

En definitiva, os obxectivos didácticos terían dúas finalidades ou funcións claramente identificadas (Herrera et al. 2005):

- Orientadora da práctica na aula, debendo expresar as capacidades e competencias que queremos desenvolver coa unidade, así como os diversos contidos que se empregarán para iso.
- Control tanto da aprendizaxe coma do ensino, entendido este como revisión dos detalles do proceso. A súa análise fará posible introducir os cambios necesarios, tanto relativos ao alumno (actitude, esforzo, tempo de dedicación, técnicas e estratexias de traballo...), como ao profesor (planificación do proceso, estratexias metodolóxicas, técnicas empregadas, organización adoptada...)

6.2.- Que ensinar: os contidos

Unha vez que temos establecido o que queremos e que toma corpo nos obxectivos, debemos ser capaces de pensar sobre que imos traballar para acadalos. É dicir, debemos determinar que contidos son os que seleccionaremos sobre a base da súa contribución á consecución dos obxectivos, diferenciando os que se formulan como básicos e os que se propoñen para ampliar.

No noso contexto actual, os contidos son outros dos compoñentes curriculares e responden a que ensinar. Non só constitúen unha acumulación pasiva de coñecementos histórica e culturalmente acumulados, senón que tamén forman parte dos contidos o conxunto de normas de comportamento social, valores da cultura, así como as técnicas, procedementos e recursos que facilitan o enriquecemento do individuo e a súa integración social. Deste xeito, os contidos non son só *saber cousas*, senón tamén *saber facer cousas* e *saber ser persoa*.

Neste sentido a lóxica interna das materias, os coñecementos previos do alumnado ou a propia interrelación de distintos contidos entre si, poden ser tomados como criterios que facilite a selección de contidos por parte do profesorado.

6.3.- Metodoloxía

A metodoloxía é un elemento fundamental á hora de levar adiante un proceso de ensino-aprendizaxe, posto que podemos seleccionar bos obxectivos e contidos, pero é imprescindible que a forma na que organicemos a actividade sexa acorde con eses elementos previos.

O desenvolvemento de determinadas capacidades no alumnado non só se consegue con dicilo, senón que se deben crear as condicións necesarias para promover esas capacidades. E neste aspecto, a metodoloxía constitúese nun elemento clave, tendo en conta que esta debe fomentar a actividade intelectual por parte do alumnado, a formación dun pensamento reflexivo e crítico, e a participación que debe ser cada vez maior, coa finalidade de promover a motivación e, consecuentemente, a aprendizaxe.

Se recoñecemos esta importancia da metodoloxía como mediadora entre o alumno e o coñecemento, e se pretendemos que este realice procesos de aprendizaxe específicos, encamiñados á consecución

última de determinadas metas, é necesario establecer unha serie de criterios metodolóxicos que posibiliten e faciliten esa aprendizaxe pretendida, o que implica “tomar decisións acerca dun repertorio de asuntos que son os que configurarán a nosa forma de traballar co alumnado e que, ademais, por un lado e en principio, reflectirán a nosa forma de **conceptuar** os procesos de ensino-aprendizaxe; por outro lado, tamén nos proporcionarán as pautas para decidir as formas de avaliación que definirán a nosa intervención didáctica.

Nesta liña, os *métodos didácticos* pódense entender como un conxunto de estratexias e técnicas utilizadas polo docente que axudan a conseguir os obxectivos por parte do alumnado, mediante o traballo duns determinados contidos nun contexto organizado. Aínda que son múltiples as clasificacións realizadas sobre os métodos didácticos, probablemente os máis utilizados sexan o método afirmativo (*expositivo* e *demonstrativo*) e o método de elaboración (*interrogativo* e por *descubrimento*).

a) O método afirmativo. Podemos diferenciar o método expositivo ou de clase maxistral, e o método demostrativo.

a.1.- O método expositivo. Consiste na presentación oral, por parte do docente, dun contido. É un método que permite a explicación de novos conceptos ou contidos sobre os que o alumnado non posúe información previa, á vez que é practicamente o único sistema para explicar temas moi complicados. Entre as desvantaxes deste método están a pasividade do alumnado, a aprendizaxe memorística, que non se aprenden actitudes, etc.

a.2.- O método demostrativo. Pretende unha realización práctica sobre uns contidos determinados; é a teoría levada á práctica pero simultaneando a explicación coa demostración e permitindo realizar asociacións. Unha vez que o alumnado se aproximase á teoría e estea preparado, o profesor debe realizar unha aplicación a un caso concreto.

b) O método de elaboración. Pretende principalmente provocar un papel activo por parte do alumnado; podemos distinguir o método interrogativo e o de descubrimento.

b.1.- O método interrogativo. Está baseado fundamentalmente na comunicación e no *feed-back*. Esta

comunicación prodúcese por medio de preguntas que permiten dous obxectivos básicos: coñecer o nivel de coñecementos da clase e determinar se ese nivel é uniforme. As preguntas enténdense como axuda ao proceso de aprendizaxe, polo cal deben converterse nun estímulo ou unha incógnita intelectual que permita e induza ao alumno a elaborar a súa resposta, e provoque a necesaria actividade intelectual imprescindible para unha aprendizaxe significativa.

b.2.- O método por descubrimento. Trátase dunha aprendizaxe lenta, creativa, e que obriga ao alumnado a implicarse moito. O docente proporciona unha información inicial sobre o enfoque metodolóxico global, e asigna traballo, propón problemas e proporciona recursos e medios, pero será o alumnado quen resolva o problema proposto. Unha das vantaxes deste método é que, aínda que lento, proporciona unha aprendizaxe duradeira.

Igual que pasa con outros compoñentes curriculares, non existen métodos mellores que outros, posto que a súa maior bondade estará supeditada a unha serie de factores, e é competencia do docente a organización deses factores. Entre eles podemos destacar os seguintes:

- Profesorado e alumnado. As capacidades do docente, a súa habilidade no emprego dos distintos métodos, é un factor que sempre se debe ter presente. Non utilizar correctamente un determinado método pode anular as súas posibilidades formativas. Por outra banda, as actitudes, intereses, capacidade de relación, etc. do alumnado son elementos que se deben ter sempre presentes á hora de seleccionar un método didáctico.
- Obxectivos pretendidos e contidos a desenvolver, xa que non é o mesmo que un obxectivo ou contido teña dimensión conceptual, procedemental ou actitudinal, marcando esta natureza condicionantes á hora de optar por unha determinada metodoloxía.
- Tempo. Inflúe de maneira significativa, posto que o uso duns métodos require dispoñer dun amplo horario. Outros, pola contra, non esixen tanto tempo.

- O espazo, no sentido de que actúa como elemento potenciador ou limitador de formas de agrupamento.
- Os medios e recursos dos que dispoñamos, tendo en conta que a función que estes desempeñan nos procesos de ensino-aprendizaxe depende da súa potencialidade e do lugar que ocupan no contexto curricular, o que determinará o seu valor educativo. Ademais, hai que ter en conta o novo papel que desempeñan ao posibilitar coñecementos de alto nivel e facilitar a aprendizaxe autónoma, sobre todo se falamos das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

Herrera et al. (2005) consideran que a metodoloxía debe seguir unha serie de fases:

- 1) Presentación dos contidos. Sitúase ao inicio da unidade e nela deberían estar integradas dúas accións esenciais para o desenvolvemento didáctico:
 - a. Presentación dos contidos da unidade e actividades de motivación. Son as actividades dirixidas a introducir ao alumno no tema que se aborda na unidade didáctica.
 - b. Avaliación dos coñecementos previos do tema. Permite ao profesor obter a información necesaria para coñecer que saben os alumnos sobre o tema obxecto da unidade didáctica.
- 2) Análise dos contidos. Esta segunda fase inclúe o tratamento a fondo dos contidos, e debería incluír tres tipos de actividades diferentes:
 - a. Actividades de desenvolvemento dos contidos, que permiten ao alumno a adquisición de novas aprendizaxes que compoñen a unidade didáctica correspondente
 - b. Actividades de reforzo e consolidación dos contidos básicos, que permiten aos alumnos con dificultades de aprendizaxe alcanzar os mesmos obxectivos que o grupo.
 - c. Actividades de ampliación dos contidos, que permiten aos alumnos que superan doadamente os obxectivos

formulados afondar nos coñecementos da unidade correspondente.

- 3) Síntese e transferencia. Esta fase adoita ser esquecida na maioría dos desenvolvementos didácticos, o que ten como consecuencia unha aprendizaxe superficial que, a miúdo, impide que o esforzo levado a cabo se traduza en novas competencias do alumnado. É unha fase fundamental, ao longo da cal debe levarse a cabo actividades permitan aos alumnos que recapitular, aplicar e xeneralizar as aprendizaxes a problemas, situacións, fenómenos e contextos non traballados directamente.

Dende esta proposta, as actividades enténdense como unha maneira activa e organizada de realizar experiencias de aprendizaxe e identifícanse diversos tipos de actividades en cada unha das fases. As actividades planificadas levarán consigo un tipo de agrupación do alumnado e conducirán a diferentes aprendizaxes e na súa formulación é importante considerar os factores anteriormente identificados como clave.

6.4.- Avaliación

Enténdese como a *valoración, a partir da información recollida, das aprendizaxes dos alumnado, da actuación do profesorado, do proceso de ensino-aprendizaxe, etc.*

Á avaliación atribúenselle normalmente dúas funcións:

- 1.- Permitir axustar a axuda pedagóxica ás características individuais do alumnado mediante aproximacións sucesivas.
- 2.- Determinar o grao no que se conseguiron as intencións educativas.


Deste xeito, a avaliación ten un carácter fundamentalmente formativo, ao ofrecerlle ao profesorado uns indicadores da evolución dos sucesivos niveis de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas, coa conseguinte posibilidade de aplicar mecanismos correctores das insuficiencias advertidas.

Neste sentido, os criterios de avaliación veñen ser un referente fundamental de todo o proceso interactivo de ensino e aprendizaxe. Establecen o tipo e o grao de aprendizaxe que se espera que

acadara o alumnado respecto das capacidades indicadas nos obxectivos específicos da unidade didáctica.

En xeral, a avaliación ten uns compoñentes que sintetizamos na seguinte figura:

Figura 3: Compoñentes do proceso de avaliación. Sarceda (2002: 188)



O *obxecto* da avaliación situaríase nunha tripla dimensión. Por unha parte estaría o alumnado, máis concretamente o seu grao de desenvolvemento das capacidades establecidas nos obxectivos. Xunto a isto, a propia actividade docente no que respecta á súa actuación como orientador e guía da aprendizaxe, e o proxecto curricular plasmado na unidade didáctica desenvolta son aspectos que non debemos esquecer na actividade avaliadora.

O *momento* tamén sería un aspecto esencial na práctica da avaliación. Como xa dixemos, un aspecto importante é o coñecemento das ideas previas do alumnado sobre o tema obxecto da unidade didáctica, información á que nos aproximaremos grazas a unha avaliación inicial ao comezo da proposta formativa. Ao mesmo tempo, e para reconducir o proceso de ensino-aprendizaxe cando sexa necesario, debemos dispor de información constante, o que nos proporcionará a avaliación procesual. Por último, e tendo como referencia que unha unidade didáctica se xustifica sobre a base duns obxectivos perseguidos, é necesario constatar se estes foron acadados ou non, e ademais en que medida, o cal nolo permite unha avaliación final. É importante matizar que unha avaliación final non precisa de actividades específicas de avaliación, senón que a información que nós precisemos para ela xa nola puido proporcionar a avaliación procesual.

En canto aos *instrumentos ou estratexias* debemos ter en conta a multiplicidade e variedade de opcións existentes. A elección dunha ou outra deberá estar marcada polo obxecto de avaliación. Por exemplo, se queremos avaliar un obxectivo referido a “saber facer” parece obvio que o instrumento elixido para proporcionarnos información deberá ser distinto a se este obxectivo se sitúa no “saber”. Así, mentres que no primeiro caso a observación podería ser unha estratexia perfectamente válida non o sería tanto no segundo, no que un test ou unha proba de desenvolvemento de contidos, por exemplo, serían capaces de ofrecer a información necesaria para avaliar esta dimensión

7.- BIBLIOGRAFÍA

AAVV (2002): *Curso metodoloxía didáctica*, Vigo: Fundación para la Promoción de La Salud y la La Cutura.

Escamilla, A. (1993): *Unidades didácticas: una proposta de trabajo de aula*, Zaragoza: Luis Vives.

Herrera Lara, José A.; García Vidal, Jesús y González Manjón, Daniel (2005): *Guía para elaborar programaciónes y unidades didácticas en Educación Infantil y Primaria*, Madrid: EOS.

Pitluk, Laura (2007): *La planificación didáctica en Educación Infantil. Las unidades didácticas, los proxectos y las secuencias didácticas*, MAD, Sevilla.

Raposo, M.; Sarceda, M. C., y Sanjuán, M. (2002): *Teoría y práctica para la elaboración de programaciónes de aula ¿cómo hacemos una unidad didáctica?*, Santiago: Tórculo.

Reyes García, Carmen Isabel (2007) (Coord.): *El espacio europeo de educación superior: algunas cuestiónes clave*, Gran Canaria: Universidad de Las Palmas de Gran Canaria.

Ruiz Ruiz, José M^a (2000): *Teoría del curriculum: diseño, desenvolvemento e innovación curricular*, Madrid: Universitas.

Sarceda Gorgoso, M. C. (2002): “Marco teórico para la elaboración de la programación de aula”, en Raposo, M.; Sarceda, M. C., y Sanjuán, M.: *Teoría y práctica para la elaboración de programaciónes de aula ¿cómo hacemos una unidad didáctica?*, pp. 57-78.

- Sosa Moreno, Fátima (2007). “De la docencia centrada en la enseñanza, a la docencia centrada en el aprendizaje: principios y estrategias para una metodología innovadora en la educación superior”, en Reyes García, Carmen Isabel, pp. 131-166.
- Zabalza Beraza, M.A. (2008): Competencias docentes do profesorado universitario. Calidade e desenvolvemento profesional. Vigo: Universidade de Vigo.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade



Impreso en papel 100% reciclado e libre de cloro



SERVIZO DE NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

